



Oportunidades de negocio no sector ambiental

XUNTA DE GALICIA

Elaboración e edición

Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social
Consellería de Emprego e Igualdade



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA



LACES

Laboratorios de apoio á creación
de emprego e empresas de
economía social

Esta obra está elaborada dentro das actividades do Proxecto LACES (0129_LACES_1_E), Laboratorios de apoio á creación de emprego e empresas de economía social, que ten como fin último contribuir ao fomento e consolidación da economía social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para conseguir un salto cuantitativo na súa capacidade para xerar e consolidar emprego.

O proxecto LACES está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

INDICE

1. DESCRICIÓN E RETOS DO SECTOR AMBIENTAL.....	5
2. PRESENZA DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL NO SECTOR AMBIENTAL.....	6
3. XUSTIFICACIÓN DA PRIORIZACIÓN DAS OPORTUNIDADES DE NEGOCIO.....	6
4. OPORTUNIDADES DE NEGOCIO NO SECTOR AMBIENTAL	8
5. FINANCIAMENTO	19

1. DESCRICIÓN E RETOS DO SECTOR AMBIENTAL

No marco do proxecto POCTEP LACES (Laboratorios de Apoio á Creación de Emprego e Empresas de Economía Social), presentouse en 2019 a **Axenda Sectorial do Ambiente** (Economía Social e Ambiente na eurorrexión de Galicia e Norte de Portugal). Este informe presenta as principais magnitudes macroeconómicas do sector ambiental na eurorrexión, tendo en conta especialmente os subsectores forestal, mar e biomasa.



Ademais, identifica as principais tendencias de crecemento para estes subsectores, que viran ao redor das seguintes cuestións: internacionalización dos mercados, crecente preocupación pola sustentabilidade social, económica e ambiental, a promoción do uso de materias e produtos autóctonos e o emprego de fontes de enerxía renovables.

Desde a **Unión Europea** promóvense numerosas actuacións que responden á **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable** e os **ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) das Nacións Unidas**, que viran ao redor de temas de relevancia para o medio ambiente e que nos axuda a identificar cales son as principais tendencias neste sector a nivel global, como por exemplo : enerxía renovable non contaminante, estratexias hipocarbónicas, mobilidade de baixas emisións, economía circular, novas normas en materia de residuos, redución do plástico, bioeconomía sustentable, economía colaborativa, responsabilidade social corporativa, agricultura ecolóxica, etc.

Desde os organismos gobernamentais da eurorrexión, o compromiso pola **sustentabilidade**, o **cambio climático** ou a **economía circular** plásmanse nas súas políticas, normativas e estratexias.

Desde a **Xunta de Galicia**, destaca especialmente o seu labor na elaboración da **Estratexia Galega de Economía Circular 2020 – 2030**, na que se recollen as pautas que seguirá a medio prazo para prever o esgotamento dos recursos, pechar os ciclos de enerxía e dos materiais, facilitar o desenvolvemento sustentable, etc. Esta estratexia persegue conseguir impactos positivos nos recursos como a auga, o aire, a enerxía, os alimentos, o chan e os residuos.

Doutra banda, o **Consello de Ministros de Portugal**, aprobou en 2017 o **Plan de Acción para a Economía Circular**, no marco da estratexia 2030, elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente en conxunto cos de Ciencia, Tecnoloxía e Ensino Superior, Economía e Agricultura, Bosques e Desenvolvemento Rural e do Mar, co obxectivo de transitar cara a un modelo de economía circular e incidindo nos conceptos de ecodeseño reutilización, reparación e renovación de materiais e enerxía.

¹ Segundo o informe “La contribución de la Comisión Juncker a los Objetivos de Desarrollo Sostenible”

2. PRESENZA DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL NO SECTOR AMBIENTAL

Nos últimos anos, están a xurdir novas entidades da economía social en todos os sectores da eurorrexión: agroalimentario, cultural, tecnolóxico, de capacitación, financeiro, industrial, automotriz, enxeñería, distribución e consumo, saúde, educación, turismo,



transporte, comercio, consultoría, téxtiles ou atención ás persoas. Os cambios nos modos de xestión e de produción cara a modelos máis sustentables non soamente responden a normativas e políticas europeas ou nacionais, senón que é o mercado o que o demanda fortemente desde hai uns anos. É o consumidor final, cada vez máis responsable, o que busca produtos e servizos con valores, próximos e que deixan un impacto positivo na súa contorna.

Na agricultura, incrementouse a conciencia ambiental desde hai uns anos, que mostra interese na enxeñería sustentable, o aforro enerxético, a redución da pegada de carbono e o emprego de enerxías alternativas non contaminantes. Ademais, desde o punto de vista do produto, téndese cada vez máis á produción responsable, debido á crecente concienciación social sobre o consumo responsable, os hábitos de vida saudables e o interese polos mercados e produtos locais e/ou ecolóxicos.

No sector do mar e a pesca, destacan entidades da economía social pola súa conciencia ambiental ligadas á pesca artesanal, a mellora da rastrexabilidade, a creación de materiais de pesca biodegradables.

Outros exemplos de sectores da economía social da eurorrexión que destacan polas súas boas prácticas ambientais son: o turismo social e sustentable ligados a territorios de baixa densidade demográfica, o sector dos residuos, onde se tende á revalorización e conversión en novos produtos respectuosos co medio ambiente, a moda sustentable ou o desenvolvemento de materiais industriais a base de materias primas biodegradables.

3. XUSTIFICACIÓN DA PRIORIZACIÓN DAS OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Para a selección das 6 oportunidades de negocio que se desenvolven no presente informe, deseñouse e empregouse unha **matriz de priorización** conformada por 11 variables, as cales se puntuaron de 1 a 3 (sendo 1 a valoración máis baixa e 3 a máis alta), sendo a máxima puntuación posible para cada oportunidade estudada un total de 33 puntos,



A continuación, móstranse as variables aplicadas a cada oportunidade de negocio e os parámetros establecidos para asignar as puntuacións:

V1. Nivel de financiamento necesario: valórase o volume de masa financeira necesaria para darlle viabilidade á posta en marcha da oportunidade de negocio. A menor dependencia de achega de recursos económicos externos, maior facilidade para desenvolverse o negocio. (1 punto: $\geq 250.000\text{€}$; 2 puntos: $\geq 50.000\text{€}$; 3 puntos: $< 50.000\text{€}$).

V2. Facilidades á hora de conseguir o financiamento: valórase a estrutura de axudas existentes para a posta en marcha e consolidación de cada oportunidade de negocio. Para a puntuación calcúlase un indicador que se extrae da seguinte fórmula: $\text{Capital (€) aproximado financiable} / \text{capital (€) necesario para desenvolver a oportunidade de negocio}$. (1 punto: $< 50\%$; 2 puntos: $\geq 50\%$; 3 puntos: $\geq 90\%$).

V3. Estimación do fluxo de caixa: valórase de modo estimativo a rendibilidade da oportunidade de negocio e a previsión do balance económico. Oportunidades que, aínda tendo unhas necesidades de capital elevadas, pola previsión de ingresos que xerarían, poidan recuperar pronto o investimento, será máis atractivas que aquelas oportunidades con retornos máis a longo prazo. Valórase, por unha banda, o tempo necesario para a recuperación do investimento, e, doutra banda, a rendibilidade anual estimada (1 punto: > 10 anos e $< 10\%$; 2 puntos: > 5 anos e $> 10\%$; 3 puntos < 5 anos e $> 25\%$).

V4. Consolidación do mercado: valórase se existe un mercado consolidado, coa demanda suficiente como para maximizar a viabilidade de éxito da oportunidade de negocio (1 punto: mercado pouco consolidado; 2 puntos: consolidado; 3 puntos: moi consolidado).

V5. Barreiras de entrada: valórase a facilidade de entrada ao devandito mercado en función das posibles restricións existentes (1 punto: moitas; 2 puntos: normais; 3 puntos: poucas).

V6. Aproveitamento de recursos endóxeos: valóranse as potenciais sinerxías coa economía local, como co uso de recursos e colaboracións con empresas e comunidades locais (1 punto: baixo; 2 puntos: medio; 3 puntos: alto).

V7. Vantaxes que achega a fórmula de economía social para aproveitar esta oportunidade de negocio: valora en que medida, a oportunidade de negocio conta cunha especial vantaxe se se crea unha entidade dentro da economía social respecto a outras figuras empresariais.

V8. Nivel de maduración tecnolóxica: valórase que o contexto tecnolóxico se atope o suficientemente maduro como para permitir e/ou favorecer a súa viabilidade.

V9. Orientación á atención de necesidades sociais da eurorexión: valórase a intensidade de aliñamento que existe respecto á situación actual e futuros retos da economía social en sector ambiental na eurorexión.

V10. Potencial impacto sobre o emprego: valórase a capacidade de xeración de emprego de calidade na eurorexión, tanto directo como indirecto.

V11. Integración cos obxectivos de desenvolvementos sustentable das Nacións Unidas: valórase a coherencia de cada oportunidade cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas, tomando como referencia o número de ODS cos que ten relación a oportunidade de negocio.

Tendo en consideración os resultados obtidos da aplicación da matriz, plásmanse as seis que alcanzaron unha maior puntuación, as cales son obxecto de desenvolvemento no seguinte apartado:

- a. Potenciación da sustentabilidade no sector dos eventos (30/33 puntos).
- b. Tendas de produtos saudables a granel (28/33 puntos).
- c. Recollida e reciclaxe de aceite en núcleos urbanos e rurais da eurorrexión (27/33 puntos).
- d. Servizo de limpeza ecolóxica para oficinas e outros espazos de concorrencia pública (23/33 puntos).
- e. Economía circular no sector da construción (23/33 puntos).
- f. Puntos de recollida automatizada de envases para a reciclaxe (21/33 puntos).

4. OPORTUNIDADES DE NEGOCIO NO SECTOR AMBIENTAL.

A continuación, desenvólvense as 6 oportunidades de negocio no sector ambiental e no marco da economía social, destacadas por alcanzar a maior puntuación ao aplicar a matriz de priorización.

Oportunidade 1: Potenciación da sustentabilidade no sector dos eventos.



Inclusión da variable de sustentabilidade, tanto a nivel estratéxico, operativo e de certificación do modelo, nos eventos de música (e outros) que se celebren na eurorrexión.

Esta oportunidade de negocio céntrase en ofrecer un servizo de xestión integral desde o punto de vista ambiental dos grandes eventos da eurorrexión, especialmente aqueles que moven multitudes de persoas e/ou se celebran en espazos especialmente sensibles (grandes festivais de música, festas declaradas de interese turístico nacional e internacional, competicións deportivas, etc.). O obxecto do servizo é reducir o impacto ambiental e social dos eventos multitudinarios, promovendo un conxunto de iniciativas e coordinando diferentes entes que están implicados na organización dos eventos co mesmo fin, e en todas as súas fases: deseño, organización, planificación, desenvolvemento e post-evento.

Como exemplos de iniciativas que se poden desenvolver no marco da xestión integral, atópanse: promoción do uso de transporte colectivo fronte a vehículos particulares para acceder ao lugar de celebración do evento, colocación de contedores para a separación de residuos, campañas de promoción do evento e de boas prácticas sustentables para os visitantes, certificación dos eventos na ISO 20121:2013 - Sustentabilidade de eventos, fomento da gastronomía km 0 nos puntos de venda de comidas e bebidas do evento, puntos de redución de custos a través dunha correcta xestión da enerxía e os residuos, organización de actividades complementarias para os visitantes para compensar a pegada de carbono do evento (actividades de reforestación, limpeza de residuos na contorna do festival, educación ambiental, etc.), estudos do impacto ambiental do evento, etc.

Esta liña pode dar cabida a emprender na xestión integral desde o punto de vista ambiental dos eventos, ou ben a incorporar esta liña de negocio en empresas xa existentes. Ademais, pode impactar na xeración de novas empresas especializadas nalgunha das iniciativas que se promoven.

Esta oportunidade de negocio destaca especialmente porque non require un alto investimento inicial, nin conta con importantes barreiras de entrada, atópase aliñada con necesidades sociais e ambientais da euronrexión e atende á maior parte dos ODS das Nacións Unidas.

A continuación, móstrase unha táboa resumo coa información máis relevante desta oportunidade de negocio:

Aspectos importantes	Descrición
Produto ou servizo	Xestión integral desde o punto de vista ambiental dos grandes eventos da euronrexión.
Necesidades que se pretenden satisfacer	Crecente conciencia social e ambiental dos asistentes. Coidado da contorna dos eventos, sobre todo polo que respecta ao patrimonio tanto natural como cultural. Correcta xestión dos residuos xerados durante os eventos. Redución do impacto ambiental e social dos eventos. Concienciación en boas prácticas ambientais e sociais durante os eventos.
Sector onde se encadra	Sector eventos.
Tipoloxía de cliente	Promotores de eventos, tales como: organizadores profesionais de eventos, asociacións culturais, comisións de festas, municipios e entidades da administración pública.
Barreiras de entrada (normativa, tecnolóxica, financiamento...)	A principal barreira de entrada detectada é a dedicación de partidas orzamentarias escasas destinadas aos criterios de sustentabilidade por parte dos organizadores ou promotores dos eventos.
Tecnoloxía necesaria	A tecnoloxía non se presenta clave para a posta en marcha de iniciativas deste tipo
Recursos humanos necesarios-cualificación asociada (perfil técnico necesario)	Preferiblemente perfís técnicos con experiencia e coñecementos nos ámbitos das ciencias ambientais, a economía circular, a comunicación e a educación social. Número mínimo recomendando de traballadores para a entidade na súa fase inicial: 2.
Necesidade de investimento para a posta en marcha	En xeral, non require un investimento inicial de gran capital para operar eficientemente, salvo medios técnicos propios de oficina. Orzamento inicial mínimo estimado: 2.000 – 4.000€. (Non se contempla nin aluguer nin compra de oficina debido a que non se considera necesario para poder exercer a actividade. En caso de aluguer dun despacho pequeno durante un ano, incrementaríase en 3.600€; en caso de uso dun espazo de coworking, incrementaríase en 1.200€.)
Entidades colaboradoras/socios	Existen múltiples organizacións que apoian este tipo de iniciativas, como, por exemplo: entidades da Administración Pública, asociacións locais, organizacións a favor da sustentabilidade, etc.

Oportunidade 2: Tendas de produtos saudables a granel.

Creación de establecementos comerciais nos que se vendan produtos saudables a granel, co obxecto principal da redución de plásticos e o fomento da concienciación social.

Esta oportunidade de negocio céntrase na posta en marcha dun comercio de venda de produtos alimentarios a granel, priorizando aqueles de proximidade, de tempada e de produción responsable. O obxecto do servizo é ofrecer alimentos máis saudables a unha demanda crecente na sociedade con intereses en mellorar a súa alimentación e en minimizar o uso de plásticos e envases, contribuíndo así a unha redución do impacto ambiental.



Como grandes vantaxes deste tipo de emprendemento, destacan: redución de envases e packaging de plástico e outros materiais prexudiciais para o medio ambiente; apóia-se a produción local e as profesións agroalimentarias, contribuíndo á fixación de poboación no rural e á mellora da calidade de vida; permite a compra das cantidades que se necesitan, evitando estragos de alimentos e favorecendo o aforro familiar; favorece a alimentación variada e saudable, xa que aposta polo xeral por produtos de calidade, de tempada, de proximidade e, en moitas ocasións, ecolóxicos e se aforran custos derivados dos packaging e outros soportes de apoio á promo-comercialización.

Esta oportunidade de negocio destaca pola súa viabilidade tras aplicar a matriz de priorización, sobre todo, pola consolidación do mercado e a relativamente recente presión social existente sobre o uso abusivo de plásticos, a crecente demanda de produtos locais saudables e de tempada e a sensibilización respecto ao desperdicio alimentario. A pesar de que a competencia das grandes superficies comerciais é elevada e é complicado competir en prezo, cada vez a figura do consumidor consciente é máis potente, e este tipo de negocios teñen perspectiva de crecemento. Destaca, ademais, polo aproveitamento de recursos endóxenos, xa que, tanto en Galicia como Portugal, existen unhas condicións excelentes para os produtos do mar e a horta, e contan con múltiples certificados que garanten a calidade dos produtos, a súa orixe, a súa rastrexabilidade e o seu tratamento.

Aspectos importantes

Produto o servizo

Descrición

Posta en marcha dunha tenda de produtos a granel que destaque principalmente pola eliminación do plástico dos envases e a venda de produtos de alimentación saudable no que respecta á calidade e a sustentabilidade

Necesidades que se pretenden satisfacer

Crecente demanda social en canto a hábitos responsables e saudables, especialmente no que respecta á alimentación e a redución de uso de plásticos.

Crecente demanda de produtos de tempada e de proximidade na sociedade en xeral, e na hostalería por parte de viaxeiros.

Alta demanda de produtos dispoñibles en cantidades personalizadas sen exceso de empaquetamento.

Aspectos importantes	Descrición
Sector onde se encadra	Sector alimentación
Tipoloxía de cliente	Público en xeral e negocios de hostalería en particular.
Barreiras de entrada (normativa, tecnolóxica, financiamento...)	Como barreira de entrada, destaca a competencia real con grandes cadeas de alimentación que compiten con outro tipo de servizos máis completos, prezos máis baixos, diversidade de marcas, etc.
Tecnoloxía necesaria	A tecnoloxía non se presenta clave para a posta en marcha de iniciativas deste tipo, aínda que é necesario un software de xestión para tendas de alimentación, ou a habilitación dunha plataforma de comercialización online (no caso de que se aposte por esta canle de venda), para os cales xa existen tecnoloxías desenvoltas.
Recursos humanos necesarios-cualificación asociada (perfil técnico necesario)	Non se require un perfil técnico específico, con todo, requírense coñecementos de xestión e administración. Número mínimo recomendando de traballadores para a entidade na súa fase inicial: 3.
Necesidade de investimento para a posta en marcha	Requírese un investimento inicial na adquisición (xa sexa compra ou aluguer) e acondicionamento interior e exterior , en caso necesario, do local de venda ao público, tendo en conta a lexislación aplicable a este tipo de establecementos. Ademais, implica a compra dos produtos e os medios técnicos necesarios para o seu transporte, conservación e venda. Orzamento inicial mínimo estimado: 25. 000 – 35.000€ (partindo da hipótese de aluguer anual dun local mediano durante un ano).
Entidades colaboradoras/ socios	Existen múltiples organizacións que apoian este tipo de iniciativas, por exemplo as entidades da Administración Pública, as asociacións ou grupos de desenvolvemento local, as cámaras de comercio, os consellos reguladores dos produtos con denominación de orixe ou con indicación xeográfica protexida, etc.

Oportunidade 3: Recollida e reciclaxe de aceite en núcleos urbanos e rurais da euro-rrexión.

Recollida de aceite vexetal usado en núcleos urbanos e/ou rurais para a súa reutilización para a produción de biocombustibles ou outros usos sustentables, nun contexto de economía circular.

Esta oportunidade de negocio céntrase na posta en marcha de negocios que teñan como fin a recollida, almacenamento, valorización e reutilización de aceite doméstico usado. O obxecto deste servizo é ofrecer un servizo á comunidade na recollida de residuos e limpar e vender estes a terceiros para a súa revalorización e reutilización, contribuíndo á redución do impacto ambiental. A posta en marcha desta actividade require, por tanto, a creación e colocación de contedores en diferentes puntos estratéxicos do núcleo urbano ou rural, a adquisición de transporte para a recollida do aceite e o seu posterior traslado ao local



onde se realiza o tratamento de limpeza ou filtración do aceite para a súa posterior venda a empresas revalorizadoras.

O aceite utilizado para cociñar ten un alto potencial contaminante se non se recicla. Un litro de aceite pode chegar a contaminar 1.000 litros de auga se o residuo se deposita en lugares inadecuados. De aí a importancia dunha correcta xestión, e aí é onde teñen cabida negocios de recollida e reutilización de aceite.

Como liña de actividades dentro do mesmo negocio, poden desenvolverse campañas de concienciación en materia de economía circular á comunidade, co fin de incrementar o volume de aceite recolleito e reutilizado, o emprego de transporte ecolóxico que funcione grazas a biocombustibles creados con aceite reutilizado, creación e venda de elementos de uso doméstico que faciliten o envasamento do aceite para depositalo nos contedores (botellas, embudes, etc.), servizo de recollida de aceite a domicilio, reciclaxe das botellas de plástico usadas como recipientes do aceite usado que se depositan nos contedores, etc.

Esta oportunidade de negocio destaca pola súa viabilidade tras aplicar a matriz de priorización, sobre todo, pola consolidación do mercado e a crecente preocupación e demanda da sociedade por este tipo de iniciativas de carácter sustentable e polo crecemento de empresas revalorizadoras que empregan residuos para xerar os seus produtos. Ademais, destaca polo seu aliñamento coas necesidades sociais da eurorrexión e cos ODS das Nacións Unidas, ademais da alta posibilidade de aproveitamento de recursos endóxenos, en canto ás colaboracións con entidades locais en todo o proceso.

Aspectos importantes	Descrición
Produto ou servizo	Posta en marcha dun servizo de recollida de aceite doméstico usado para o seu posterior tratamento e comercialización para a revalorización noutros produtos derivados.
Necesidades que se pretenden satisfacer	Recollida e reutilización de residuos (neste caso, aceite), e redución do impacto ambiental. Crecente demanda social en canto á reciclaxe e reutilización dos residuos. Interese de empresas e da sociedade por xerar ou adquirir produtos máis respectuosos co medio ambiente (neste caso, por exemplo, biocombustibles xerados a partir do aceite recolleito).
Sector onde se encadra	Sector residuos.
Tipoloxía de cliente	Entidades da Administración Pública con competencias en xestión de residuos e empresas valorizadoras de residuos.
Barreiras de entrada (normativa, tecnolóxica, financiamento...)	Como barreira de entrada, destaca o investimento económico necesario para a loxística que supón a recollida, transporte e tratamento do aceite.
Tecnoloxía necesaria	A tecnoloxía non se presenta clave para a posta en marcha de iniciativas deste tipo.

Aspectos importantes

Recursos humanos necesarios-cualificación asociada (perfil técnico necesario)

Necesidade de investimento para a posta en marcha

Entidades colaboradoras/socios

Descrición

Este servizo, pode ser realizado por persoas sen cualificación técnica específica, aínda que é recomendable recibir unha formación básica en canto ao procedemento de limpeza do aceite para a súa posterior venda. **Número mínimo recomendando de traballadores para a entidade na súa fase inicial: 4.**

Require investimento inicial no **local físico** onde se realizará a actividade, a **creación e colocación dos puntos de recollida do aceite, medios loxísticos para transporte** de residuos desde o punto de recollida e o local onde se realiza o tratamento de primeira filtración do aceite, para o que se precisan medios técnicos.

Orzamento inicial mínimo estimado: 35.000€ - 45.000€ (partindo da hipótese de aluguer anual dun local durante un ano e tomando como referencia un núcleo dunha poboación de 20.000 habitantes).

Existen múltiples organizacións públicas e privadas que participan habitualmente ou poden participar neste tipo de iniciativas, tales como: entidades da administración pública con ou sen competencias en xestión de residuos, organizacións sen ánimo de lucro con fins ambientais, asociacións de veciños, empresas xestoras de residuos, empresas revalorizadoras, etc.

Oportunidade 4: Servizo de limpeza ecolóxica para oficinas e outros espazos de concorrencia pública.

Creación de servizos de limpeza de oficinas e outros espazos de concorrencia pública, utilizando produtos ecolóxicos, ou incorporación deste criterio de sustentabilidade en servizos xa operativos..

Esta oportunidade de negocio céntrase na posta en marcha de negocios que teñan como fin a limpeza de oficinas e outros espazos de concorrencia pública con produtos de limpeza ecolóxicos, contribuíndo a un menor impacto ambiental. Tamén se pode incluír como unha liña de actividade no marco de empresas de limpeza xa existentes.



A posta en marcha desta actividade require, por tanto, a identificación e compra de materiais de limpeza respectuosos co medio ambiente, e un local que sirva como almacén e oficina para as xestións de coordinación e organización dos servizos.

Como complementos á actividade principal, recoméndase incluír outros servizos relacionados que acheguen un valor diferencial e competitivo, tales como: campañas de concienciación aos traballadores das oficinas ou outros espazos, co obxecto de promover o uso de produtos de limpeza responsables tamén a nivel doméstico, desenvolvemento de material de divulgación sobre boas prácticas ambientais na limpeza ou a

posibilidade de incorporar unha liña de negocio complementaria á actividade principal para a comercialización online de produtos de limpeza responsables co medio ambiente tanto a nivel empresa como a nivel particular.

Esta oportunidade de negocio destaca pola seu baixo **investimento inicial**, e a **consolidación do mercado** en canto á tendencia en alza do crecemento de conciencia social e ambiental por parte da sociedade e as organizacións, e a súa elección na contratación de servizos responsables, que favorecen a comunidade e o coidado do medio ambiente.

Aspectos importantes	Descrición
Produto ou servizo	Posta en marcha de servizos de limpeza de oficinas e outros espazos de pública concorrencia, diferenciada polo uso exclusivo de produtos de limpeza respectuosos co medio ambiente (ecolóxicos, biodegradables, veganos, etc.).
Necesidades que se pretenden satisfacer	Crecente demanda da sociedade e as organizacións pola redución do impacto ambiental.
Sector onde se encadra	Sector limpeza.
Tipoloxía de cliente	Empresas e entidades propietarias ou xestoras de locais de oficinas e outros espazos de concorrencia pública.
Barreiras de entrada (normativa, tecnolóxica, financiamento...)	Non se identifican barreiras de entrada importantes, salvo a existencia de múltiples empresas de servizos de limpeza.
Tecnoloxía necesaria	A tecnoloxía non se presenta clave para a posta en marcha de iniciativas deste tipo, aínda que resultaría interesante o uso das TIC ou para a comercialización online de produtos de limpeza, en colaboración coas marcas certificadas (no caso de que se decida incorporar esta liña de negocio complementaria).
Recursos humanos necesarios-cualificación asociada (perfil técnico necesario)	Este servizo, pode ser realizado por persoas sen cualificación técnica específica, cunha formación básica sobre produtos de limpeza respectuosos co medio ambiente. Número mínimo recomendando de traballadores para a entidade na súa fase inicial: 3.
Necesidade de investimento para a posta en marcha	Require investimento na identificación e contratación de produtos de limpeza responsables , un local para a almacenaxe dos produtos e materiais necesarios para exercer a actividade, así como para realizar as xestións de coordinación e xestión pertinentes, ademais doutros equipamentos necesarios para ofrecer un servizo de limpeza completo . Orzamento inicial mínimo estimado: 6.000 - 10.000€ (partindo da hipótese de aluguer anual dun local durante un ano).
Entidades colaboradoras/socios	Marcas de produtos biodegradables, asociacións sen ánimo de lucro de carácter ambiental e social, entidades da Administración Pública, etc.

Oportunidade 5: Economía circular no sector da construción .

Adopción de modelos construtivos baseados na economía circular por parte das empresas promotoras.

Esta oportunidade de negocio céntrase na posta en marcha de novas liñas de negocio tanto para promotoras inmobiliarias como para xestoras de residuos xa existentes, relacionadas coa implantación de novos modelos de construción sustentable e novos servizos de xestión e revalorización dos residuos xerados nas obras, de acordo coa economía circular. O fin é promover modelos de construción máis sustentables e eficientes, ao longo de todo o proceso, desde o deseño ata a entrega dos inmobles, reducindo así o impacto ambiental.



Esta oportunidade de negocio pode enfocarse dende o punto de vista da promoción inmobiliaria ou desde a xestión de residuos:

- ✓ En canto aos servizos para ofrecer desde as **promotoras**, destacan:
 - Control de boas prácticas ambientais durante o desenvolvemento da obra: prestando especial atención a minimizar o impacto acústico, a correcta xestión de residuos, protección do medio hídrico e edafolóxico, prevención da contaminación atmosférica, etc.
 - Deseño: Incorporación de criterios de eco-deseño, correcta distribución das estancias, aproveitamento de luz natural, estéticas máis minimalistas etc.
 - Materiais: priorización de materiais que contén con análises de ciclo de vida ou declaracións ambientais de produto que avalen a súa excelencia a nivel ambiental. Priorización da reutilización de materiais e estruturas, así como de materiais que proveñan de fontes recicladas.
 - Instalación de sistemas eficientes que reduzan o consumo de auga.
